

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS**

ANUNCIO de apertura do trámite de información pública tras a aprobación inicial da modificación puntual número 4 das normas subsidiarias de planeamento de Malpica de Bergantiños.

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do 29 de mayo de 2025, aprobou inicialmente a modificación puntual número 4 das normas subsidiarias de planeamento de Malpica de Bergantiños, conforme a documentación denominada MP núm. 4 NNSSPP Malpica de Bergantiños. Recualificación dun ámbito de solo urbano de uso residencial para uso dotacional de equipamento sanitario e dotacional múltiple. Documento para ap inicial-addenda 01, redactada por Arqyur, S.C. (equipo redactor, os/as arquitectos/as Alfredo Garrrote Pazos, Mónica Mesejo Conde e Sara Prieto Hortas, colexiados núm. 1440, 1475 e 4754 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, COAG), e na cal se entende/entendía incluído o estudo de tráfico, redactado por Lorena Castrillón Manso (respectivamente, RXE núm. 202599900000441 e RXE núm. 202499900000920).

De conformidade e nos termos establecidos no artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LS) e artigo 144.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, RLS), sométese o expediente íntegro a información pública, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia (*La Voz de Galicia*), polo prazo de dous meses contado desde o último anuncio, coa finalidade de que quen o desexe poida examinalo e deducir durante o citado prazo cantas alegacións ou observacións considere oportunas.

Durante o período de información pública, o dereito de información e acceso poderase exercer e quedará garantido mediante a consulta do expediente nas oficinas xerais do Concello, sitas na casa do concello, avenida Emilio González López, nº 1, de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, e mediante consulta/acceso no/ao Portal de transparencia do concello, aloxado na sede electrónica (https://sede.malpicadebergantinos.es/sxc/gl/portal_transparencia/ e na/s epígrafe/s: Información de relevancia xurídica-Documents sometidos a información pública-Aprobación inicial da modificación puntual núm. 4 das normas subsidiarias de planeamento de Malpica de Bergantiños).



Queda suspendido por un prazo máximo de dous (2) anos, ao abeiro dos artigos 47.2 da LS e 86 do RLS e nos termos neles establecidos, o outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e edificación en todo ámbito afectado pola modificación.

Malpica de Bergantiños, 10 de xullo de 2025

Eduardo J. Parga Veiga
Alcalde

CVE-DOG: pg71tj8-1di7-ks92-byj0-qwygeyg8tnq0

